

TEST EN LINGUA GALLEGA**1.- En que parte da Constitución se fala expresamente de Administración local**

- a).- Título Sétimo, Capítulo II
- b).- Título Oitavo, Capítulo I
- c).- Título Oitavo, Capítulo II
- d).- Título Noveno, Capítulo I

2.- Segundo o Estatuto de Autonomía de Galicia, o Regulamento do Parlamento deberá ser aprobado:

- a).- Por maioría absoluta
- b).- Por maioría de dous terzos
- c).- Por maioría simple
- d).- Pola Mesa do Parlamento

3.- Segundo a Lei 5/1997, de 222 de xullo, de Administración local de Galicia, a delegación de competencias da Comunidade Autónoma en favor das entidades locais realizarase mediante

- a).- Decreto do Consello da Xunta de Galicia
- b).- Lei do Parlamento galego
- c).- Orde do presidente da Xunta
- d).- Ningunha das respostas anteriores é correcta

4.- Enumera as clases de tributos das corporacións locais

- a).- Impostos, taxas e contribucións especiais
- b).- Ingresos de dereito público e de dereito privado
- c).- Impostos, taxas e prezos públicos
- d).- Recargos, multas e impostos

5.- Segundo o artigo 92 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais ¿Quen poderá solicitar durante o debate a retirada dalgún expediente incluído na orde do día do Pleno?

- a).- O/A secretario/a xeral do Pleno
- b).- Unha cuarta parte do número legal de membros do Pleno
- c).- Calquera concelleiro ou concelleira
- d).- O/A alcalde/alcaldesa

6.- As ordenanzas fiscais reguladoras dos tributos locais comezarán a aplicarse no momento da súa publicación definitiva en:

- a).- No DOG

- b).- No DOG o BOP e o BOE
- c).- No BOP
- d).- No DOG o BOP e o BOE e na sede electrónica municipal

7.- Indique cal das seguintes afirmacións é falsa:

- a).- O nomeamento do/da Presidente/a do Goberno vén regulado no art. 99 da Constitución
- b).- Os membros do Goberno non poderán exercer outras funcións representativas que as propias do mandato parlamentario.
- c).- O presidente do Goberno nomea e separa os demais membros do Goberno
- d).- O Goberno pode incurrir en responsabilidade criminal.

8.- ¿Cal das seguintes afirmacións é correcta?

- a).- Todos os concellos están obrigados a prestar os mesmos servizos
- b).- En ningún caso poden deixar de prestarse os servizos mínimos que establece o art. 26 da Ley 7/1985 de 2 de abril
- c).- A Deputación non prestará ningunha asistencia aos concellos respecto ao establecemento e adecuada prestación dos servizos públicos
- d).- Previa solicitude, a Comunidade Autónoma pode dispensar a un Concello da obriga de prestar os servizos mínimos que lle corresponden se resulta de imposible ou moi difícil cumprimento

9.- Os dereitos recoñecidos no Capítulo II do Título II da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e a garantía dos dereitos dixitais son os seguintes:

- a).- Dereito de acceso, dereito de modificación, dereito de supresión, dereito de limitación do tratamento e dereito de oposición
- b).- Dereito de acceso, dereito de rectificación, dereito de supresión, dereito de limitación do tratamento, dereito á portabilidade e dereito de oposición
- c).- Dereito de acceso, dereito de modificación, dereito de supresión, dereito de limitación do tratamento, dereito á portabilidade e dereito de oposición
- d).- Dereito de acceso, dereito de modificación, dereito de supresión, dereito de limitación do tratamento, dereito á portabilidade e dereito de indemnización

10.- Cal é a cualificación dos contratos que recolle a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, no seu artigo 12

- a) Contratos de obras, contrato de concesión de obras, de subministración e de servizos.
- b) Contrato de obras, de subministración e servizos.
- c) Contrato de obras, de subministración, de servizos, de concesión e mixtos.
- d) Contratos de obras, concesión de obras, concesión de servizos, subministración e servizos.

11.- Dentro dun municipio de réxime común, A que órgano municipal correspóndelle a aprobación das bases da convocatoria de selección de persoal municipal?

- a) Ao Alcalde
- b) Á Xunta de Goberno Local
- c) Ao Pleno
- d) Ao Xefe de Servizo de Persoal

12.- Se concorresen varios interesados no procedemento, e existise discrepancia en canto á lingua, de acordo coa Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas:

- a) Tanto o procedemento como os documentos ou testemuños que requiran os interesados tramitaranse en castelán.
- b) Tanto o procedemento como os documentos ou testemuños que requiran os interesados tramitaranse na lingua elixida polos mesmos.
- c) O procedemento tramitarase en castelán, aínda que os documentos ou testemuños que requiran os interesados expediranse na lingua elixida polos mesmos.
- d) O procedemento tramitarase na lingua elixida polos mesmos, aínda que os documentos ou testemuños que requiran os interesados expediranse en castelán.

13.- O prazo de exposición ao público dun Orzamento, tras a súa aprobación inicial é de:

- a) Trinta días hábiles.
- b) Quince días hábiles.
- c) Quince días naturais.
- d) Un mes.

14.- Segundo a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, os pregos de cláusulas administrativas particulares deben aprobarse:

- a) Previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela e sempre antes da licitación do contrato, ou de non existir esta, antes da adxudicación.
- b) Con posterioridade á autorización do gasto ou conxuntamente con ela e sempre antes da licitación do contrato, ou de non existir esta, antes da adxudicación.
- c) Previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela e nunca antes da licitación do contrato, ou de non existir esta, antes da adxudicación.
- d) Con posterioridade á autorización do gasto ou conxuntamente con ela e nunca antes da licitación do contrato, ou de non existir esta, antes da adxudicación.

15.- Cal dos seguintes servizos non é obrigatorio en todos os municipios?

- a) Iluminación pública
- b) Cemiterio
- c) Rede de sumidoiros
- d) Protección Civil

16.- Respecto da práctica das notificacións a través de medios electrónicos, os interesados poderán acceder ás notificacións desde:

- a) O Punto de Acceso Xeral electrónico da Administración, que funcionará como un portal de acceso
- b) A páxina inicial da web da Administración electrónica, que funcionará como un portal de acceso.
- c) A oficina da Administración virtual, que funcionará como un portal de acceso
- d) O Portal de Aplicacións Informáticas, que funcionará como un portal de acceso.

17.- Respecto da anulabilidade

- a) Son anulables os actos da Administración que incorran en calquera infracción do ordenamento xurídico, salvo a desviación de poder.
- b) O defecto de forma só determinará a anulabilidade cando o acto careza dos requisitos formais indispensables para alcanzar o seu fin ou dea lugar á indefensión dos interesados
- c) A realización de actuacións administrativas fora do tempo establecido para elas implicará a anulabilidade do acto en calquera caso.
- d) Todas son correctas

18.- A notificación farase por medio dun anuncio publicado no Boletín Oficial do Estado cando:

- a) Os interesados nun procedemento sexan descoñecidos
- b) Ignórese o lugar da notificación
- c) Tentada a notificación non se puido practicar
- d) Todas son correctas

19.- A aprobación do regulamento orgánico e das ordenanzas deberá ser realizada por:

- a) O Interventor
- b) O Alcalde
- c) A Xunta de Goberno
- d) O Pleno

20.- O Orzamento entrará en vigor dende:

- a) A súa aprobación definitiva polo Pleno.
- b) A recepción de copia do mesmo pola Administración do Estado e da Comunidade Autónoma respectiva.
- c) A publicación no diario de maior circulación da Provincia.
- d) A publicación no Boletín Oficial da Provincia.

21.- Respecto dos tributos potestativos, as corporacións locais deberán:

- a) Acordar a imposición e supresión dos seus tributos propios e aprobar as súas correspondentes ordenanzas fiscais reguladoras.

b) Acordar o exercicio das súas facultades en orde á fixación dos elementos necesarios para a determinación das respectivas cotas tributarias, se deciden facer uso de tales facultades, e aprobar as oportunas ordenanzas fiscais.

c) Aprobar as súas ordenanzas fiscais reguladoras.

d) Ningunha resposta é correcta.

22.- Para efectos do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica, no caso de baixa do vehículo durante o ano natural, a cota do Imposto:

a) Prorratéase por semestres.

b) Prorratéase por trimestres.

c) Págase integramente.

d) Cóbraselle ao chatarrista.

23.- As fases de execución do gasto de acordo co TRLRFL son:

a) Fiscalización previa, autorización do gasto, disposición do gasto, recoñecemento da obrigaición e ordenación do pagamento.

b) Fiscalización previa, autorización do gasto, disposición do gasto, recoñecemento da obrigaición e ordenación do pagamento e realización material do pago deste.

c) Retención de crédito, autorización do gasto, recoñecemento da obrigaición e ordenación do pagamento.

d) Autorización do gasto, compromiso do gasto, recoñecemento da obrigaición e ordenación do pagamento.

24.- En virtude do establecido no artigo 43.3 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, as notificacións por medios electrónicos entenderanse por practicadas:

a) Coa posta a disposición da notificación na sede electrónica da administración ou organismo.

b) No momento no que se produza o acceso ao seu contido.

c) Cando transcorresen dez días naturais dende a posta a disposición da notificación.

d) Cando transcorresen 15 días naturais dende a posta a disposición da notificación.

25.- Non serán susceptibles de recurso na vía administrativa:

a) Os acordos sobre ampliación de prazos ou a súa denegación

b) Os actos de trámite que deciden directa ou indirectamente o fondo do asunto

c) As resolucións con carácter xeral.

d) Todas as respostas son correctas.

26.- A xestión das subvencións que concedan as administracións públicas realizarase, segundo se establece no artigo 8 da Lei 38/2003, de acordo cos seguintes principios:

a) Publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola administración outorgante.

c) Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

d) Todas as respostas anteriores son correctas.

27.- O exercicio de funcións que impliquen a participación directa ou indirecta no exercicio de potestades públicas ou na salvagarda dos intereses xerais, así como as que impliquen exercicio de autoridade, corresponden en exclusiva a:

- a) Funcionariado de carreira, persoal contratado en réxime de dereito laboral e persoal eventual.
- b) Funcionariado de carreira e persoal eventual.
- c) Empregados públicos en xeral.
- d) Funcionariado de carreira.

28.- Contra as ordenanzas fiscais soamente cabe:

- a) Recurso de reposición.
- b) Recurso de alzada.
- c) Recurso de casación.
- d) Recurso contencioso-administrativo.

29.- A base impoñible no Imposto sobre construcións, instalacións e obras está constituída por:

- a) O custo real e efectivo da construción, instalación ou obra.
- b) Un 2 por 100 do devandito custo.
- c) A mera realización das actividades gravadas.
- d) A autoliquidación que efectúen as persoas interesadas.

30.- Debe inserirse o Orzamento integramente no:

- a) Diario de maior difusión da provincia.
- b) Boletín Oficial da Corporación, se o tiver.
- c) Boletín Oficial da Provincia.
- d) Taboleiro de Editos da Corporación.

31.- Cando o procedemento se iniciara de oficio o transcurso do prazo de seis meses dende o seu inicio sen ditarse resolución:

- a) Producirá a súa caducidade.
- b) Poderá entenderse desestimado por silencio administrativo
- c) A persoa interesada entenderase por desistida
- d) Entenderase por inadmitido.

32.- Poden instar á reforma da Constitución o/os/as:

- a) Asambleas legislativas das comunidades autónomas
- b) Presidenta ou presidente do Goberno
- c) Consello de Goberno das comunidades autónomas
- d) Ningúnha resposta das anteriores é correcta

33.- Para os efectos do Imposto sobre bens inmobles a consideración de bens inmobles rústicos, de bens inmobles urbanos e de bens inmobles de características especiais defínese por:

- a) Cada concello, a través de acordo plenario.
- b) O Plan xeral de ordenación urbana vixente en cada municipio.
- c) As normas reguladoras do Catastro Inmobiliario.
- d) As ordenanzas fiscais do Concello.

34.- A obrigación da Entidade de destinar os créditos ao fin específico que se detalle na plasmación escrita do Orzamento, sen poder realizar cambios ou traslados destes a outros fins non recollidos no nivel de que se trate denomínase:

- a) Regulación das transferencias de créditos.
- b) Acumulación de varias fases da execución do Orzamento.
- c) Niveis de vinculación xurídica dos créditos.
- d) Disponibilidade orzamentaria.

35.- Que actos administrativos teñen que ser motivados segundo o artigo 35 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas:

- a) Os acordos que se adopten de suspensión de actos, sempre que o motivo desta sexa de orde pública.
- b) Os que deban de selo en virtude de norma con rango de lei pero non regulamentaria.
- c) Os ditados no exercicio de potestades discrecionais.
- d) Todas as respostas son correctas.

36.- Requírese maioría simple para a adopción de acordos nas seguintes materias:

- a) Alteración do nome e da capitalidade do municipio.
- b) Aprobación e modificación do regulamento orgánico propio da Corporación.
- c) Aprobación dos orzamentos municipais.
- d) Transferencia de funcións ou actividades a outras administracións públicas, así como a aceptación das delegacións ou encomendas de xestión realizadas por outras administracións, salvo que por lei se impongan obrigatoriamente.

37.- O patrimonio das entidades locais está constituído por:

- a) Os bens que sexan de dominio público.
- b) Os bens patrimoniais.
- c) Os bens que lles ceden outras administracións.
- d) O conxunto de bens, dereitos e accións que lles pertencan.

38.- As cuestións incidentais que se susciten nos procedementos, cando suspenderán a súa tramitación, segundo o artigo 74 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas?

- a) Nunca
- b) Sempre
- c) Unicamente se se trata da recusación
- d) Só se se refiren á nulidade das actuacións.

39.- Contra unha disposición administrativa de carácter Xeral é posible interpor o seguinte recurso administrativo:

- a).- Alzada
- b).- De revisión
- c).- Económico – administrativo
- d).- Ningún

40.- A acumulación de expedientes:

- a). É obrigatoria para a Administración
- b). Converte aos interesados en público xeral, polo que non haberá que notificarlles os actos, se non que basta coa súa publicación
- c). Acórdase polo órgano administrativo que inicie ou tramite o procedemento
- d). É susceptible de recurso ordinario

41.- Segundo a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, é unha causa de inadmisión do recurso administrativo:

- a). Carecer o recurso manifestamente de fundamento.
- b). Transcorrer o prazo para a interposición do recurso.
- c). Ser incompetente o órgano administrativo, cando o competente pertenciera a outra Administración.
- d). Todas son correctas.

42. Segundo a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, contra a resolución dun recurso de alzada:

- a). Non cabe ningún recurso administrativo
- b). Cabe o recurso extraordinario de revisión en todos os seus casos
- c). Cabe o recurso extraordinario de revisión, nos casos establecidos no artigo 125.1 da Lei 39/2015.
- d). Cabe unicamente o recurso de reposición.

43.- Segundo o disposto no artigo 30 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, as infraccións prescribirán segundo o disposto nas leis que as establezan. Se estas non fixan prazos de prescripción:

- a). As infraccións moi graves prescribirán aos tres anos, as graves aos dous anos e as leves aos seis meses.
- b). As infraccións moi graves prescribirán aos tres anos, as graves aos dous anos e as leves ao ano.

- c). As infraccións moi graves prescribirán aos dous anos, as graves ao ano e as leves aos seis meses.
- d). Ningunha das respostas anteriores é correcta.

44. Segundo o artigo 29.3 da Lei 4012015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, a gradación da sanción considerará especialmente os seguintes criterios (sinala a incorrecta):

- a). O grao de culpabilidade ou a existencia de intencionalidade.
- b). A continuidade ou persistencia na conduta infractora.
- c). A natureza dos prexuízos causados.
- d). A reincidencia, por comisión no termo de dous anos de máis dunha infracción da mesma natureza cando así fose declarado por resolución firme en vía administrativa.

45.-Segundo o artigo 19 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local:

- a). O Goberno e a administración municipal, salvo en aqueles municipios que legalmente funcionen en réxime de "Concejo Abierto", corresponde ao concello, integrado polo Alcaide e os Concelleiros.
- b). Os Concelleiros son elixidos mediante sufraxio universal, igual, libre, directo e segredo, e o Alcaide é elixido polos Concelleiros ou polos veciños; todo isto nos termos que estableza a lexislación electoral xeral.
- c). As respostas a) e a b) son verdadeiras
- d). As respostas a) e a b) son falsas

46 O artigo 23 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, establece que a Xunta de Goberno Local"

- a). Intégrase polo Alcaide e un número de Concelleiros non superior ao terzo do número legal dos mesmos, nomeados e separados libremente por aquel, dando conta ao Pleno, e lle corresponde a asistencia ao Alcaide no exercicio das súas atribucións que o Alcaide ou outro órgano municipal lle delegue ou lle atribúan as leis.
- b). Intégrase polo Alcaide e un número de Concelleiros non superior á quinta parte do número legal dos mesmos, nomeados e separados libremente por aquel, dando conta ao Pleno, e lle corresponde a asistencia ao Alcaide no exercicio das súas atribucións que o Alcaide ou outro órgano municipal lle delegue ou lle atribúan as leis.
- c). Intégrase polo Alcaide e un número de Concelleiros non superior ao terzo do número legal dos mesmos, nomeados e separados libremente por aquel, dando conta ao Pleno, e lle corresponde a asistencia ao Tenente de Alcaide no exercicio das súas atribucións e as atribucións que o Alcaide ou outro órgano municipal lle delegue ou lle atribúan as leis.
- d). Intégrase polo Alcaide e un número de Concelleiros non superior á quinta parte do número legal dos mesmos, nomeados e separados libremente por aquel, dando conta ao Pleno, e lle corresponde a asistencia ao Tenente de Alcaide no exercicio das súas atribucións e as atribucións que o Alcaide ou outro órgano municipal lle delegue ou lle atribúan as leis.

47.- O artigo 32 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, establece que a organización provincial responde ás seguintes regras:

- a). O Presidente, os Vicepresidentes, a Xunta de Goberno e o Pleno existen en todas as Deputacións.
- b). Así mesmo, existirán en todas as Deputacións órganos que teñan por obxecto o estudo, informe ou consulta dos asuntos que teñan que ser sometidos á decisión do Pleno, así como o seguimento da xestión do Presidente, a Xunta de Goberno e os Deputados que ostenten delegacións, sempre que a respectiva lexislación autonómica non prevea unha forma organizativa distinta neste ámbito e sen prexuízo das competencias de control que corresponden ao Pleno.
- c). Soamente a resposta a) é verdadeira.
- d). As respostas a) e a b) son verdadeiras.

48. Segundo o artigo 18 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público:

- a). A promoción interna realizarase mediante procesos selectivos que garantan o cumprimento dos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade así como os contemplados no artigo 55.2 deste Estatuto.
- b). Os funcionarios deberán posuír os requisitos esixidos para o ingreso, ter unha antigüidade de, polo menos, dous anos de servizo activo no inferior Subgrupo, ou Grupo de clasificación profesional, no suposto de que este non teña Subgrupo e superar as correspondentes probas selectivas.
- c). As Administracións Públicas adoptarán medidas que incentiven a participación do seu persoal nos procesos selectivos de promoción interna e para a progresión na carreira profesional.
- d) Todas as anteriores son verdadeiras.

49.- Segundo o artigo 23 da lei 2/2015 do Emprego Público de Galicia, para que poda procederse ao nomeamento de persoal funcionario interino ten que concorrer algunha das seguintes circunstancias:

- a).- A existencia de postos vacantes, con dotación orzamentaria, cando non sexa posible a súa cobertura por persoal funcionario de carreira.
- b).- A substitución permanente das persoas titulares dos postos.
- c).- A execución de programas de carácter temporal e de duración determinada que non respondan as necesidades permanentes da Administración. O prazo máximo de duración da interinidad non poderá ser superior a cinco anos, ampliables ata doce meses mais se o xustificara a duración do correspondente programa
- d). Todas as anteriores son verdadeiras.

50. Se ao iniciarse o exercicio económico, non entrase en vigor o Orzamento correspondente:

- a). Non resulta posible realizar ningún gasto ata que non estea aprobado o orzamento.
- b). Xestionarase cun orzamento provisional aprobado mediante Decreto do/a Alcalde/sa ata a aprobación do novo.
- c). Considerarase automaticamente prorrogado o do exercicio anterior ata o límite global dos seus créditos iniciais, como máximo.

d). Considerarase automaticamente prorrogado o do exercicio anterior, con todos os seus créditos definitivos ata a entrada en vigor do novo

PREGUNTAS DE RESERVA

51.- A que limitacións estarán suxeitas as transferencias de créditos de calquera clase?:

- a). Non afectarán os créditos ampliábeis nin aos extraordinarios concedidos durante o exercicio.
- b) Poderán minorar os créditos que foran incrementados con suplementos ou transferencias de crédito, salvo cando afecten a créditos de persoal.
- c). Non incrementarán créditos que como consecuencia doutras transferencias foran obxecto de aumento, incluídos os que afecten a créditos de persoal.
- d). Todas son correctas

52.- Ao Orzamento dunha Entidade Local haberá de unirse, entre outros documentos:

- a) Anexo de beneficios fiscais en tributos locais contendo información detallada dos beneficios fiscais e a súa incidencia nos ingresos.
- b) Anexo con información relativa aos convenios subscritos coas Comunidades Autónomas en materia de gasto social,
- c) Liquidación do orzamento do exercicio anterior e avance da do corrente, referida, polo menos, a seis meses do exercicio corrente.
- d) Todas son correctas.

53.- Con carácter xeral, e sen prexuízo do establecido nos contratos menores, os contratos que celebren as Administracións Públicas deberán formalizarse:

- a). En documento administrativo, se así o solicita o contratista, que se axuste con exactitude ás condicións da licitación constituíndo devandito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público,
- b) En escritura pública, se así o solicita a Administración, que se axuste con exactitude ás condicións da licitación constituíndo devandito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público,
- c). En documento administrativo que se axuste con exactitude ás condicións da licitación constituíndo devandito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público
- d). Non é necesario que se formalicen en ningún tipo de documento,

54. O responsable do tratamento de datos de carácter persoal terá a obrigaón de facer efectivo o dereito de rectificación ou cancelación do interesado:

- a). No prazo de vinte días
- b). No prazo de dez días.
- c). No prazo de 1 mes.
- d). Nun prazo máximo de tres meses.